

Obradoiro de acollemento lingüístico e cultural

[INFORMACIÓN EN GALEGO]

Estimado/a amigo/a,

Gustaríache ir coñecendo mellor a lingua e cultura galegas, para saber máis ou para acceder mellor a un traballo aquí? Estás interesado/a en coñecer xente que, coma ti, vive aquí pero que procede doutros lugares? Queres saber que é o *agarimo*?, e a *troula*?, e un *carballo*?, e o *polbo*? Queres coñecer e acceder á música, á literatura, ao teatro, etc., en galego? Apetéceche coñecer costumes de aquí ao mesmo tempo que dás a coñecer os teus? Gustaríache que che dixesen: "Que rápido aprendiches a falar galego!"?


Como saberás, Galicia conta cun idioma propio e oficial, o galego, que desde as administracións públicas, en xeral, e desde o Concello de Carballo en particular, temos o compromiso de fomentar e queremos darche a coñecer. Deste xeito, organizamos un **Obradoiro de acollemento lingüístico e cultural**, co obxectivo de que as persoas non nadas en Galicia poidades ter un primeiro contacto formativo coa nosa lingua e cultura, o que che pode ser de grande utilidade para, por exemplo, acceder ao mundo laboral ou coñecer mellor a nosa sociedade.

Neste obradoiro práctico, que terá lugar entre o 2 de novembro e o 21 de decembro de 2017, desenvolveremos diversas actividades para que poidas coñecer a lingua (escrita e oral), a música, a literatura, a prensa, a xeografía, etc., galegas, e para facilitar a integración na sociedade galega e carballesa.


Obradoiro de acollemento lingüístico e cultural	
Datas	Do 2 de novembro ao 21 de decembro de 2017, os martes e xoves
Horario	De 19.00 h a 21.00 h
Prezo	Gratuíto
Prazo de inscrición	Ata o 30 de outubro
Lugar de inscrición e + info [En horario de mañá]	Servizo de Normalización Lingüística (SNL) Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n. Carballo 981 704 304 nelvidal@carballo.gal

Agardamos que esta información sexa do teu interese e animámoste a participar nesta actividade.

Un cordial saúdo,



Evencio Ferrero Rodríguez
Alcalde de Carballo



Xosé Regueira Varela
Concelleiro de Normalización Lingüística

Carballo, 10 de outubro de 2017

Obradoiro de acollemento lingüístico e cultural

[INFORMACIÓN EN ESPAÑOL]

Estimado/a amigo/a,

¿Te gustaría ir conociendo mejor la lengua y cultura gallegas, para saber más o para acceder mejor a un trabajo aquí? ¿Estás interesado/a en conocer gente que, como tú, vive aquí pero que procede de otros lugares? ¿Quieres saber que es el agarimo, la troula, un carballo o el polbo? Quieres conocer y acceder a la música, la literatura, el teatro, etc., en gallego? ¿Te apetece conocer costumbres de aquí al mismo tiempo que das a conocer las tuyas? ¿Te gustaría que te dijese: "¡Que rápido aprendes a hablar gallego!"?

Como sabrás, Galicia tiene una lengua propia y oficial, el gallego, que desde las administraciones públicas, en general, y desde el Concello de Carballo en particular, tenemos el compromiso de fomentar y queremos darle a conocer. De esta manera, organizamos un **Taller de acogimiento lingüístico y cultural**, con el objetivo de que las personas no nacidas en Galicia podáis tener un primer contacto formativo con nuestra lengua y cultura, lo que te puede ser de gran utilidad para, por ejemplo, acceder al mundo laboral o conocer mejor nuestra sociedad.

En este taller práctico, que tendrá lugar entre el 2 de noviembre y el 21 de diciembre de 2017, desarrollaremos diversas actividades para que puedas conocer la lengua (escrita y oral), la música, la literatura, la prensa, la geografía, etc., gallegas, y para facilitar el acceso al mundo laboral, y la integración en la sociedad gallega y carballesa.

Taller de acogimiento lingüístico y cultural	
Fechas	Del 2 de noviembre al 21 de diciembre de 2017, martes y jueves
Horario	De 19.00 h a 21.00 h
Precio	Gratuito
Plazo de inscripción	Hasta el 30 de octubre
Lugar de inscripción y + info [En horario de mañana]	Servizo de Normalización Lingüística (SNL) Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n. Carballo 981 704 304 nelvidal@carballo.gal

Esperamos que esta información sea de tu interés.

Un cordial saludo,




Evencio Ferrero Rodríguez
Alcalde de Carballo




Xosé Regueira Varela
Concelleiro de Normalización Lingüística